

## **Augas**

### **CATEGORÍAS RELACIONADAS**

#### ***CONTA ÁLVARO CUNQUEIRO: Torralba do Ulla***

CONTA ÁLVARO CUNQUEIRO que Torralba do Ulla se mergullou por amor. O amante marchou á guerra e deixoulle á amada un encanto: un espello no que o vería chorando se morría ou se namoraba doutra. A moza espiaba todos os días no espello e un día viu o mozo chorando.

Morrera ou botara outra moza? O espello non precisaba cal era a resposta; só bágoas.

A moza, no desespero, rompeuno. E de cada anaco do espello naceu unha fonte, e de cada fonte un río, e a cidade de Torralba somerxeuse e desapareceu baixo as augas. Torralba do Ulla tiña tres torres e unha igrexa de Santiago, con un apóstolo de ouro que falaba.

Non precisa don Álvaro a xeografía terreal desa cidade.

## **BIBLIOGRAFÍA**

Cunqueiro, A. (1991): *Cunqueiro en la radio. Cada día tiene su historia y otras series*", Comentarios radiofónicos, Radio Nacional de España, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, páx. 95. (Emisión: 18 de setembro de 1957)